

PRIMEIROS PASOS PARA EDITAR NUN WIKI.

COMO REXISTRARSE

1. Premer en **Rexistro** (arriba á dereita).
2. Cubrir nome de **usuario** e **contrasinal**.
3. Premer **acceder ao sistema**.

MODIFICAR ARTIGO XA
EXISTENTE

1. En **Procura** escribir o nome do artigo que buscamos.
2. Se prememos **artigo** vai ao título e, se non existe, ao texto dos artigos. Se prememos **procurar** busca tanto en títulos como no texto dos artigos.
3. Unha vez no artigo que buscamos, premer **editar**, modificamos o que queremos e despois prememos **gardar a páxina**.
4. Para facer unha ligazón interna: [[texto]].
5. Para facer unha ligazón externa: [enderezoweb texto].

CREAR ARTIGO NOVO

1. **Axuda**. Premer **esquema**. **Editar**. Copiar baixo os catro guións. Premer **gardar a páxina**.
2. Escribir o título buscado en **procura**. Premer **artigo**. Como non existe, responde cunha ligazón en vermello co nome do artigo desexado. Premer nela e pegar o esquema.
3. Cubrir os datos que se piden, substituindo só o texto en maiúsculas.
4. **Gardar a páxina**.

CARGAR UN FICHEIRO

1. Ter unha copia do ficheiro no ordenador. Poñerlle un nome fácil. No wiki premer **cargar un ficheiro**.
2. Premer **navegar** ata atopar no ordenador o ficheiro desexado. **Abrir**. Cubrir os campos e **cargar o ficheiro**.
3. Para incluílo nun artigo: [[Ficheiro:nome do ficheiro.extensión]]

ANTES DE TRABALLAR HAI QUE REXISTRARSE SEMPRE.